

# GRIAL

149

XANEIRO, FEBREIRO, MARZO  
TOMO XXXIX / 2001

## SOBRE A SOCIEDADE DA CULTURA

XAN BOUZADA

Presentación

GAËTAN TREMBLAY

A revalorización da cultura na sociedade contemporánea

ARTURO RODRÍGUEZ MORATÓ

A sociedade da cultura, un novo lugar para as artes no século XXI

GILLES PRONO VOST

Participación cultural e transformacións sociais

ANTOINE HENNION

Os grandes afeccionados: dunha socioloxía do gusto a unha etnografía da degustación

ANTONIO ARIÑO VILLARROYA

A invención do patrimonio cultural e a sociedade do risco

XAN BOUZADA FERNÁNDEZ

As políticas culturais na España actual: acerca dalgúns dos retos e dilemas político-culturais do Estado autonómico

sensible, sentimental, humana e conmovedora); Vilborg Dagbjartsdóttir (con poemas cheos de suxestión e experiencia, de sinceridade núa e directa), Ingibjörg Haraldsdóttir (enraizada nunha linguaxe e creación auténtica, soidosa, conversacional, emotiva, autobiográfica, achegada e particular), Linda Vilhjálmisdóttir (sempre a evolucionar con voz propia e renovadora nas súas letras suxestivas e abraiantes), Kristín Ómarsdóttir (plena de percepcións cromáticas, estrañas e sorprendentes que non deixan indiferente); Didda (Jónsdóttir) (artista punk que con expresión forte, directa, crúa e sincera creou unha biopoesía impactante, extrema e tremenda); Jón Thoroddsson —júnior— (conciso, estraño e humorístico); Ari Jósefsson (de célebre alento retórico, social, directo, provocador e antibelicista); Geirlaugur Magnússon (de claro resón universal pola súa persoalísima, metafísica e enigmática voz), o entusiasta dos haiku Óskar Árni Óskarsson (singular polo seu profundo lirismo poético e a súa estética minimalista), Ísak Harðarson (poeta relixioso moderno aconvencional, aberto ás linguaxes e rexistros más diversos e baixos, mesmo lúdicos, críticos ou blasfémicos), Sigfús Bjartmarsson (sempre cun cariz novidoso e orixinal, meditativo ou filosófico e cun ruralismo típico islandés), Jónas Þorbjarnarson (de verba fresca, sinxela, concisa, próxima e ruralista) e Andri Snær Magnason (continuamente a crear novos espacios ou interrelacións e a integrar a arte na vida cotiá cunha obra accesible, interactiva e dinámica).

Topamos en conxunto, cun concorrente crisol lírico, pleno de percepcións e matices múltiples, de suxestión e experiencia, vida e metáfora, análise e autocítica, símbolo e homenaxe; artellados na consecución dunha poética auténtica e singularizadora, na absorción elocuente de posibilidades discursivas varias, no intercambio fecundante e afán cosmopolita. En suma, unha palpante alquimia poética proxectada baixo o guieiro máxico e luminoso das *Auroras boreais*, unha reveladora e seductora imaxe na que se entretece significamente un cativante manancial lírico embebido da beleza estraña, penetrante e surreal desta “baía dos fumes, “terra de xeo e lume” na que os artistas fraguan o feitizo estético dos seus poemas. Argumentos que a privilexian e polos que non podemos máis que convidar a explorar e gozar destas letras que nos transbordan a realidades outras, más alá da “illa do faro”.

NATALIA REGUEIRO

## Da sacralización e moralización do sexo

- XOSÉ CHAO REGO. *O sexo, a muller e o crego*. A Coruña, Espiral Maior, 2000.

Tralo suxestivo título deste novo libro de Xosé Chao Rego achamos un ben documentado e argumentado axuste coa interpretación bíblica, coa tra-

dición católica, feito desde unha posición positiva, na que agroma o humor e a ironía, e un interese anovador dos costumes. Crítico dunha dogmática que naturaliza e sacraliza aspectos da vida e dos corpos dos seres humanos, que moraliza sobre o sexo, a virxindade, o matrimonio ou o celibato. Mais este interese crítico e reformador, xa de seu importante e comprometido co momento que lle toca vivir, afecta de forma directa ós crentes e á Igrexa. Sen embargo non é este o obxectivo último da empresa que acomete o autor, o asunto é máis fundamental: non é na moral sexual senón “a xustiza do Reino e a primacía dos pobres” onde radicaría a “auténtica teima de Xesús”. Agora ben, non é menos certo que é un libro relevante para un público más amplo, para aqueles preocupados pola tradición e a moral católica coma parte importante da nosa cultura, para os que tentan abordar as cuestións morais, sexuais e relixiosas. E neste senso resulta esclarecedor tanto pola revisión da interpretación canónica dos textos sagrados, canto por pórticos de manifesto que no seo do cristianismo —como por outra parte en todas as tradicións e culturas áinda que a miúdo se esqueza— hai contestación e axustes críticos, amosando as diferentes posicións e interpretacións, enfocándose á cuestión do poder, da “impotencia” e da submisión. A tese básica preséntase desde o limiar: do Evanxeo non se pode tirar unha moral sexual, do que se está a falar é dunha moral católica “intelectualmente protagonizada por unha minoría de solteiros” (pp. 13-14), excluínte do 50 por cento da humanidade: ás mulleres; asentada sobre unha adaptación da moral estoica e de certos aspectos da filosofía grega, construída nun longo e complexo proceso histórico e secular.

Aínda que o libro non está estructurado en partes, no decorrer dos nove capítulos pódense establecer tres momentos. Os catro primeiros sentan as bases argumentativas e críticas que van dar pé a que a partir do capítulo V sobre “A situación actual” e do VI onde se presenta a perspectiva psicanalítica respecto da sexualidade, se aborden, nos tres últimos, os temas que realmente están a debate: matrimonio, virxindade e celibato. Así, comézase por desmontar o mito do “eterno feminino”. Desde unha posición antiesencialista, apúntanse os mecanismos e eufemismos que elevan a muller ata as nubes (virxe e nai), e analízase o veo como máximo símbolo, ou, o que vén sendo o mesmo, cómo deixar de lado as mulleres reais. Frente ó esencialismo, Chao defende a complementariedade dos性os, dos distintos e cambiantes roles e funcións, cuestionando os estereotipos que naturalizan o masculino e o feminino. Da complementariedade chégase, mediante a cala psicanalítica que logo desenvolverá máis, á defensa do vello mito platónico do andróxino, da harmonía de contrarios, expresión do desexo dun futuro superador do antagonismo sexual. A naturalización e esencialización da muller preséntase como un proceso histórico, mesmo arrancaría da prehistoria, e que opera no inconsciente. Longo proceso que tería a súa orixe no medo á capacidade xerativa das mulleres que leva ós homes a apropiarse da cultura e o poder. Desmitificación do eterno feminino e explicación da estrutura histórica da dominación masculina desembocan, concordando con P. Bourdieu, en que a violencia simbólica masculina é un problema que non só atinxe ás mulleres, senón tamén ós homes por canto, sostén Chao: “o machismo deshumaniza-

nos" (p. 33), impón a renuncia á tenrura en aras dunha constante afirmación da virilidade que agocha os medos e angurias gravados no inconsciente colectivo e individual, dominación que ten na Familia, na Igrexa, na Escola e no Estado os seus mecanismos de aplicación. Conclúese sinalando o moito que queda por facer tanto para o feminismo coma para unha "masculinidade que se pretende humanizada" (p. 37). No empeño de seguir desentrañando a idea básica de que nin a dominación masculina nin a esencia feminina son naturais e eternos, senón froito dun proceso de "sexualización cultural", abordará nos tres capítulos seguintes o proceso que vai da exaltación da sexualidade e da sacralización do sexo no mundo oriental pre-bíblico ó pesimismo sexual da Igrexa, trala desacralización do sexo nos textos bíblicos.

No capítulo II, "A sacralización do sexo", constátase a importancia dos mitos cósmicos orientais sobre a Deusa Nai, a Nai Terra que darán paso coa evolución da sociedade agrícola ó Deus Pai uránico e que lle serven para dar conta da recorrente cuestión dun primixenio poder feminino (cuestión, por outra parte, sempre disputada) que se verá desprazado polo poder masculino. Interesa a idea de que a sacralización do sexo vai unida ó mito dun matrimonio divino, dunha hierogamia, entre o Ceo e a Terra, o telúrico e o uránico, e que será representada nas deusas lunares como "fecunda virxindade". A fecundidade conséguese mediante o exercicio da sexualidade, así como da prostitución sagrada, e non mediante a castidade, iso si é "fecundidade virxinal". A virxindade conleva forza mítica e ideal relixioso, de aí que Chao sosteña que "da nostalxia destas tales deusas mediterráneas nace boa parte da marioloxía tradicional" (p. 44). Baixo o título "Secularización do sexo" examínase no capítulo III o herdo de Tenak, denominación que, segundo nos di, aplica por motivos ecuménicos ó que chaman Antigo Testamento. O punto de partida radica en que "se non podemos falar de ambigüidade na concepción que a Biblia ten do sexo humano, habemos confesar que a sexualidade goza de grande ambivalencia" (p. 51). A ambivalencia deriva da coexistencia nos antigos hebreos do culto a Iavé e ó mesmo tempo do culto a Baal e da prostitución sagrada. Nun contexto de pansacralidade e hipersexualidade relixiosa, os profetas reaccionan "presentando un Deus único, solteiro, que ten celos non tanto dos deuses coma de Israel, o seu pobo elixido" (p. 53) e por iso a ambigüidade: "cando na Biblia se fala de adulterio, moitas veces estase referindo á idolatría, infidelidade para con Iavé, pois marchan tralos baales" (p. 53). O problema fundamental é o da prostitución relixiosa pois supón infidelidade, idolatría ou apostasía. Tras indicar que a Igrexa realizou diversas mutacións no decálogo, nomeadamente no sexto mandamento, sublíñase a gran permisividade sexual dos hebreos (dos varóns), quen se distinguían, non sen certa nostalxia pola parella divina, pola desmitificación e desacralización do sexo. A ambigüidade reflíctese igualmente na linguaxe erótica e mística do texto sagrado. Defendendo o liberalismo sexual da Biblia analízanse os dous relatos da creación para concluir afastándose dos que, coma L. Boff, tentan fundamentar aí a monogamía, concordando sen embargo no antifeminismo relixioso e eclesiástico. Así mesmo insiste en que o binomio puro/impuro na Biblia ten connotacións rituais e non morais que entroncan con concepcións antigas de maxia, tote-

mismo e animismo. Polo mesmo non é factible tirar conclusóns sobre “a pureza virxinal de que padece a marioloxía ou coa abominación sexual que se aplica ó fenómeno da homosexualidade” (p. 65), son conceptos distintos. A pesar da boa consideración da sexualidade en Israel, esta inscríbese nunha sociedade patriarcal, do seu masculinismo, indícase, é un claro exemplo o rito da circuncisión, sinal de alianza de Deus co seu pobo. O que Chao quere salientar é a importancia que ten “para a nosa concepción cristiá do sexo, a eminencia que tivo o matrimonio ata servir de metáfora para expresar as relacóns de Deus co seu pobo, con quen establece alianza” (p. 68). Así, respecto do testamento cristián fai reparar sobre “o pouco que dixo Xesús de Nazaré e no moito que lle fixeron dicir a Paulo”. A idea é que agora o concepto de relación sexual como mancha está xa consolidado.

Fronte ó dogma da triple virxindade de María, o noso autor defende que a virxindade ten outro sentido, que é un símbolo indispensable, dada a tradición xudía e cristiá, para representar algo que está na Biblia: a iniciativa do Deus da alianza en orde a unha nova creación, a un nacemento que sexa representado coma un novo comezo. Por concepción virxinal enténdese, pois, que de Xesús de Nazaré naza unha nova humanidade, “pero de aí a perverter un símbolo teolóxico en materialidade xinecolóxica, hai un gran brinco que dá alta vertixe ós biblistas” (p. 73). Do Evanxeo non é doado tirar un código moral sexual pero si, pola contra, un código moral sobre a xustiza social. Despois de deterse nos textos paulinos, expón, no capítulo IV, o paso da liberalidade sexual bíblica ó pesimismo sexual da Igrexa. A adaptación do ascetismo gregoriano e o seu conflicto, nos primeiros cristiáns, co herdo hebreo acabarán por dar entrada as ideas de orde, xerarquía, renuncia ó pracer, celibato, que irán tomndo corpo ó longo dos séculos. No século IV a virxindade e a vida ascética virán substituír ó martirio como vía para acadar a perfección cristiá. O matrimonio comeza a ser obxecto de atención, se ben o control canónico non se fará efectivo ata o século XI. Agostiño e Tomás de Aquino son pezas importantes neste proceso polo que o pecado remata por definir substancialmente o ser humano. O pesimismo sexual contrasta con algúns costumes que perduran durante séculos mesmo ata o século XX, como é o caso do “Ritus paschalis” no que Chao se detén, entre outras cousas, para sinalar a desacralización do sexo e a distancia entre a Igrexa oficial e a poboación.

A diagnose da moral católica na situación actual parte de que as cousas non mudaron moito, faise necesaria unha nova moral sexual axeitada ós signos dos tempos e que poida reconciliar o cristianismo coa sexualidade. Botando man dos textos dos teólogos e de filósofos contemporáneos, preséntase a idea que permite recuperar, tras a longa viaxe e viraxe, o cerne do cristianismo, nomeadamente, a corporeidade do ser humano. Dela tíranse dúas reclamacións urxentes: a das segundas nupcias para os divorciado/as e o recoñecemento da homosexualidade (p. 108). A súa visión da sexualidade desenvólvese no capítulo VI. A psicanálise é a perspectiva adoptada para dar conta da xénese da mesma, do enigma sexual e da conflictividade inherente á sexualidade, do proceso de culpa e do vencello co poder. Resulta clarificador reparar, como fai Chao, no folclore, especialmente no galego, para expresar “graficamente” a concepción tradicional da sexualidade. Sen-

do este un dos capítulos más longos enténdese o peso que ten a psicanálise no pensamento do autor, permitíndolle presentar a sexualidade como froito dunha aprendizaxe e concluír que non é posible moralizar sobre o instinto sexual básico se non se acepta que o pracer ten a súa autonomía, e que non pode circunscribirse á reproducción humana. Agora ben, esta nova ética sexual afástase da frivolización e euforia sexual, reivindícanse a tenrura e o erotismo fronte á, segundo P. Ricoeur, "caída na insignificancia", á perda de valor da sexualidade. Quere isto dicir, que se incorpora como un elemento fundamental á visión relacional, dialólica e intersubxectiva, asentada sobre a corporeidade, sobre o corpo como realidade básica: "Non temos un corpo, senón que sómo-lo noso" (p. 155), e propio dunha relación humana na que a relación xenital non é o obxectivo, nin tampouco pecado.

Chegados aquí dispoñemos das ferramentas necesarias para a análise do matrimonio, a virxindade e o celibato, cabalos de batalla da moral católica. Merecentes os tres capítulos dunha lectura repousada e reveladora da política e moral sexual do catolicismo canónico, cómpre, ó noso xuízo, destacar o dedicado ó matrimonio. Faise patente que o matrimonio canónico só existe desde o século XI, cando é elevado a sacramento, froito da teoloxía escolástica; tamén cómo toma corpo a "indisolubilidade matrimonial" e os problemas derivados do herdo romano e do xermánico para establecer se a sacramentalidade do matrimonio recae sobre o sacerdote oficiante ou no consentemento dos esposos. Chama a atención xustamente sobre o feito de que nos dez primeiros séculos o matrimonio non ten sido unha fonte de conflicto entre Igrexa e Estado, a razón non é outra que o feito de que os Padres da Igrexa recoñecían a xurisdicción civil. Só cando a Igrexa impón o control aparecerán os problemas da indisolubilidade, da nulidade e do divorcio. Da análise histórica das concepcións do matrimonio e de cómo deixá de ser unha cuestión civil a ser obxecto da dogmática, vólvese afirmar que dos textos bíblicos non se pode tirar unha visión do matrimonio monogámico e unha moral sexual, indicando a manipulación e descontextualización dos textos e insistindo en que se están a referir á relación de Cristo coa súa Igrexa. A posta en cuestión da sacramentalización do matrimonio e a constatación da súa obrigatoriedade durante moitos séculos leva a Chao a introducirse no importante tema do contrato e do consentimento, a poñer sobre o tapete o relativismo histórico das formas matrimoniais e a cuestionar a posición que vén ocupar a muller. Isto é, a facer fincapé no control sexual do poder patriarcal e no matrimonio como remedio.

Desde os mitos, en particular o da muller eterna, examínase a virxindade, cómo a castidade se torna en exercicio e requisito da espiritualidade, cómo María se converte nun símbolo da instrumentalización moralizante, e cómo vai imponéndose a primacía do triángulo pecado-sexo-morte. Frente á marioloxía quere se constatar a pertinencia teolóxica da virxindade: a dimensión cristolóxica do misterio virxinal. Hai que resituar á Virxe María no lugar que lle corresponde no marco da revelación, hai que recuperar unha representación de Deus que non sexa exclusivamente masculina. O noso autor bota man da teoloxía feminista aínda que el mesmo indica que é unha cuestión pendente de resolución e que agarda poder abordala máis pormenorizadamente. Reaparece o an-

dróxino e a harmonía de contrarios como procura dunha nova imaxe de Deus. O bautismo como requisito de entrada no reino de Deus conleva, fronte á oficialidade da Igrexa, a igualdade de dereitos, de homes e mulleres, e polo tanto non hai impedimento ningún para que as mulleres participen como membros de pleno derecho, exercendo todos os sacramentos, tamén o sacerdotal. Respecto do celibato e o “celi-voto”, como di Chao, pone o acento sobre os custos psicolóxicos do mesmo, arguméntase desde a Biblia e desde a teoloxía para relativizar a súa obriga. A partir dos datos históricos e da análise psicanalítica afírmase que non hai outras razóns para xustificar o celibato máis que o rigorismo, que vai tomando corpo na oficialidade da Igrexa, a súa conveniencia para a xerarquía e mantemento dunha monarquía absoluta. Hoxe, insiste Chao, dáse un movemento de protesta imparable. Mais como ben se indica este tabú clerical, o máis persistente e teimudo de todos, non ten que ver cun asunto persoal e optativo senón que o problema radica na súa dimensión estructural, nos seus custos psicolóxicos e na “funcionarización” da vida relixiosa. Por iso sostén o noso autor: “que o practique quen quixer, pero que non o convertan en voto necesario para exerce-lo ministerio”.

Rematado o periplo polas perto de trescentas páxinas que recollen unha fonda reflexión, froito de moitos anos de teima, estudio e experiencia persoal, exposta con sinceridade e radicalidade, só cabe a penas sinalar brevemente dous aspectos relacionados entre si e, ó meu entender, salientables. En primeiro lugar o diálogo intelectual aberto ás mulleres e ás feministas, recollendo algunas das súas aportacións, mesmo áinda que poida, como mesmo nos di, ampliarse no futuro. Diálogo no que, como en todos os terreos, as discrepancias e o debate non son un atranco senón un san exercicio de reflexión e dunha boa práctica. Tal é o caso, por pór un exemplo, da psicanálise que ben pode entenderse como teoría interpretativa pero tamén que non é a única. E, en segundo lugar, Chao asume valentemente o falar das mulleres cando semella que iso é só cousa delas, ou que pode traer problemas. En efecto, como el sostén, o “machismo deshumaniza” de aí que sobre estas cuestións non só quede moito por facer, senón que a todos e todas, crentes e non crentes, vainos algo importante nelas.

MARÍA XOSÉ AGRA ROMERO

## Os lingüistas como falantes

- JOHANNES KABATEK. *Os falantes como lingüistas. Tradición, innovación e interferencias no galego actual*. Edicións Xerais de Galicia, Vigo, 2000.

Ó estilo dos traballos sociolingüísticos levados a cabo por Labov (autor do célebre *The Social Stratification of English in New York City*), o investiga-